

# REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Acta número 45, de 31 de maio de 2023

## LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado

A sesión realízase a distancia, sesión virtual a través da plataforma institucional Ms Teams, de acordo coa lexislación aplicable no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e co “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunión de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/04/2020.

**DATA:** 31 de maio de 2023

**HORA DE COMEZO:** 18:00 h.

**HORA DE REMATE:** 18:40 h.

## ASISTENTES

Aznar Cuadrado, Virginia (PDI)

Brao Viña, Ana M<sup>a</sup> (PAS)

Dosil Díaz, Carlos (PDI)

López Gómez, Santiago (PDI)

López Rúa, Paula (PDI)

Otero Urtaza, Eugenio Manuel (PDI)

Romero Castro, María José (PDI)

Sarceda Gorgoso María Carmen (PDI)

Simil Romero, Isabel (Representante Estudantado)

Souto Seijo, Alba María (PDI)

## ORDE DO DÍA:

- 1. Informe razoado positivo, se procede, sobre o Máster Interuniversitario en Innovación Educativa (envíase informe Galicia 2030, informe de memoria para a verificación, memoria xustificativa, e memoria económica)**

A presidenta da Comisión, Carmen Sarceda, comeza sinalando os antecedentes máis destacados a ter en conta, como as recentes reunións de Xunta de Facultade, da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña e da Facultade de Ciencias da Educación e o Deporte da Universidade de Vigo, nas que non se aprobou o informe positivo ao Máster Interuniversitario en Innovación Educativa. Tamén fai referencia ás alegacións que fixeron diferentes colectivos da UDC, USC e UVigo e ás respostas da comisión redactora do Master.

A presidenta incide en que o master pode ser una posibilidade de ter alumnado (estudantes egresados de titulacións de grao e máster de educación) que se forme na nosa Facultade para ter unha carreira investigadora no Campus de Lugo e que poda exercer despois de docente na propia Facultade.

O profesor Otero Urtaza intervéñ apoiando as palabras da decana e engadindo que a Facultade posee dúas titulacións de Grao e dúas titulacións de Mestrado, pero ningunha delas é de investigación. Entende tamén que é unha oportunidade para aquel alumnado que está interesado en participar en Programas de Doutoramento.

O profesor Santiago López comparte o anteriormente sinalado, engadindo na mesma liña que temos na Facultade alumnos e alumnas que son excelentes candidatos para a investigación. Apunta que o master non é perfecto pero que é un encargo apoiado pola Consellería de Educación que deberíamos aproveitar.

Por último, a presidenta recoñece que o Máster Interuniversitario en Innovación Educativa non é perfecto pero que ten oportunidades de mellora na implementación das diferentes materias que o conforman.

Por todo isto, a Comisión de Calidade decide informar favorablemente a Memoria do Máster Interuniversitario en Innovación Educativa sobre a base dos seguintes motivos:

- A memoria responde ao marco de referencia, o informe Galicia 2030
- As modificacións introducidas na Memoria dan resposta ás alegacións presentadas na USC, UDC e UVigo
- A Comisión de Calidade valora positivamente a xustificación do título e o contido da Memoria
- A Comisión de Calidade considera que o Máster en Innovación Docente constitúe unha oportunidade de desenvolvemento profesional e investigador para o alumnado de titulacións de educación do SUG, para o profesorado universitario das áreas que imparten docencia, e para o profesorado dos niveis de ensino non universitario.

A presidenta agradece a presenza e dá por rematada a sesión, da que redacto acta como secretaria.

A secretaria

Visto e Prace da Presidenta

Virginia Aznar Cuadrado

M. Carmen Sarceda Gorgoso

## Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer:** CARMEN SARCEDA GORGOSO, DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 30/07/2023 10:52:55.

**Asinante/Firmante/Signer:** VIRGINIA AZNAR CUADRADO, SECRETARIO A DA FACULTADE DE FORM DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 28/07/2023 17:41:06.

**CSV:** 17F7-A1F3-4301-987F